

2.3.

políticas activas
de emprego

A ANÁLISE DAS POLÍTICAS activas de emprego está dividida en dous grandes apartados. O primeiro deles está dedicado á demanda formativa do Forcem, que no ano 2000 rexistrou un total de 370 plans solicitados, dos que se aprobaron 284 (un 16,5% máis que no ano anterior).

Nunha segunda parte preséntanse datos da xestión da accións desenvolvidas no ano 2001 relativas ás políticas activas de emprego. O **cadro C.2.15.** (*Accións desenvolvidas en execución do previsto nos acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 2000-01*) recolle o número de beneficiarios do conxunto das liñas de actuación e medidas desenvolvidas. Número de beneficiarios acadou no ano 2001 as 109.949 persoas, 9.131 beneficiarios menos que no ano precedente.

Neste capítulo analízanse os aspectos relativos á formación e orientación, ó fomen-

to e estabilidade e ós programas de cooperación.

Accións do Forcem

En relación á demanda formativa do Forcem, no 2001 solicitáronse un total de 370 plans de formación (un 16,7% máis que no ano anterior) o que representa o 5,3% do total dos plans solicitados no conxunto estatal. Do total de plans solicitados, o **cadro C.2.14.** (*Indicadores de demanda formativa 2000-01 plans de formación*) reflicte que no última ano se aprobaron en Galicia 284 plans, un 16,5% máis que no ano anterior, o que supón o 5,5% dos plans aprobados en España.

Comparado coas outras comunidades autónomas, ó igual que no ano anterior, Galicia é a quinta comunidade en canto ó número de plans aprobados se refire, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía e a Comunidade Valenciana.

Dos 284 plans de formación aprobados no ano 2001, 132 corresponden a plans de demanda (con compromiso de formación previo) sendo o seu custo de 11.085,9 miles de euros. Destes plans, 34 correspóndense a plans agrupados intersectoriais, cun custo de 6.992 miles de euros, 63 son plans de empresa (2.554,1 miles de euros) e 35 son plans para grupos de empresa do mesmo sector (1.539,8 miles de euros).

Os restantes 152 plans de formación corresponden ós plans de oferta (sen compromiso previo), sendo o seu custo de 20.557,4 miles de euros.

Respecto ó financiamento da formación (plans de demanda e plans de oferta), cómpre salientar que a metade do custo total finánciase coas cotas de formación profesional e o outro 50%, a través do FSE e do INEM.

O número de horas de formación realizadas polos participantes en Galicia na convocatoria de 2000, **cadro 2.3.1.**, acadou as 4.164.446 horas (un 0,1% máis que as realizadas na convocatoria anterior), o que significa o 6,6% das horas realizadas en España.

Formación e colocación: Comunidade Autónoma

Tal e como se reflicte no devandito **cadro C.2.15.**, o conxunto de medidas relativas ás políticas activas de emprego pódense agrupar en catro grandes grupos: Programas de mellora e empregabilidade; Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral; Programas de cooperación e escolas obradoiro; e as Actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego, (estas últimas analizadas no apartado 2.3.-Economía social).

• *Programas de mellora e empregabilidade*

Estas medidas, que se configuran como unha oferta integral de servizos ás persoas

que están en busca de emprego, pódense agrupar en tres grandes tipos de actuacións: Formación profesional ocupacional, Orientación laboral e Intermediación laboral.

Formación profesional ocupacional

Como punto de partida hai que salienta-la aprobación do Plan Galego de Formación Profesional (PGFP) ó longo do ano 2001. Por vez primeira, e de forma innovadora o conxunto do estado, deseña un sistema integrado de cualificacións e formación profesional que comprende a actividade formativa ó longo de toda a vida activa, que artella as diferentes ofertas públicas (inicial regrada, ocupacional e continua), anticipa os medios financeiros dispoñibles para o período de programación, e dispón dun modelo de análise de necesidade, cualificacións, competencias, formación, avaliación e acreditación. Asemade, introduce a orientación profesional como parte do sistema, coa previsión de complementariedade entre a orientación profesional e laboral.

Xunto ó PGFP, tamén cómpre salientar que o Instituto Galego das Cualificacións elaborou no ano 2001, de maneira experimental, as cualificacións profesionais relativas ós sectores da construción naval e o da pedra natural. No primeiro caso, as cualificacións profesionais identificadas son as de deseño na industria naval, programación e control de produción, tubaxe e instalación naval, armazón e montaxe de estruturas e soldadura. No da pedra natural, que comprende as actividades relacionadas co granito, a lousa e o mármore, as cualificacións identificadas son as de extracción de pedra natural, serradura e tratamento superficial, conformación, desenvolvemento técnico e coordinación en obra e colocación da pedra natural.

O **cadro 2.3.2.** amosa que a formación ocupacional en Galicia tivo como beneficiarios no ano 2001 un total de 30.429 alumnos nun total de 1.851 cursos programados, ascendo o seu presuposto a 47.966,2 miles de

CADRO 2.3.1.

Horas de formación realizadas nas CC.AA. 1999-00

	1999	2000	00/99
	(nº de horas)		(%)
Madrid	10.623.899	11.970.301	12,7
Cataluña	10.312.082	11.283.876	9,4
Andalucía	7.977.455	9.491.208	19,0
Comunidad Valenciana	5.020.177	5.570.028	11,0
Galicia	4.162.069	4.164.446	0,1
Castela e León	3.489.719	4.023.517	15,3
Aragón	2.620.605	2.776.119	5,9
Canarias	1.777.074	2.064.771	16,2
País Vasco	1.817.430	2.006.826	10,4
Castela - A Mancha	1.794.482	1.933.344	7,7
Murcia	1.497.042	1.592.429	6,4
Asturias	1.420.572	1.516.442	6,7
Baleares	1.269.273	1.331.758	4,9
Extremadura	954.269	1.208.001	26,6
Cantabria	823.309	898.937	9,2
Navarra	943.405	867.196	-8,1
A Ríoxa	370.057	418.069	13,0
Ceuta	58.251	58.807	1,0
Melilla	20.172	19.357	-4,0
Total	56.951.342	63.195.432	11,0

Fonte: FORCEM

CADRO 2.3.2.

Formación ocupacional 2000-01: cursos, presupostos e alumnos

	2000			2001		
	Cursos	Presupostos (en miles de €)	Alumnos	Cursos	Presupostos (en miles de €)	Alumnos
FIP (agás compromisos de contratación)	1.317	37.806,0	21.278	1.305	37.802,8	21.184
Compromisos de contratación FIP	325	6.074,9	4.841	159	3.324,1	2.359
Compromisos de contratación FSE	1	16,8	12	4	238,6	69
Medios propios	136	2.832,5	1.970	155	3.592,1	2.254
Plan autonómico de formación de formadores	74	406,1	1.068	26	61,0	361
Otras accións formativas	125	1.825,8	3.650	202	2.947,7	4.202
Total	1.978	48.962,2	32.819	1.851	47.966,2	30.429

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.3.3.

Plan FIP 2000-01: programación provincial e pluriprovincial

	2000			2001		
	Cursos	Alumnos	Presupostos (en €)	Cursos	Alumnos	Presupostos (en €)
Programación provincial						
A Coruña	206	3.315	7.224.741	229	3.727	8.028.515
Lugo	159	2.582	4.960.001	130	2.131	4.589.375
Ourense	152	2.478	4.405.548	146	2.399	4.529.637
Pontevedra	204	3.338	6.943.394	219	3.601	7.012.287
Total	721	11.713	23.533.684	724	11.858	24.159.814
Programación pluriprovincial	596	9.565	14.272.318	581	9.326	13.642.976

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.3.4.

Plan FIP 2000-01: distribución sectorial

Sector	2000			2001		
	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en €)	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en €)
Administración e oficinas	221	3.612	5.591.436,93	222	3.662	6.136.621,47
Agricultura	51	812	1.285.051,03	41	675	1.112.819,14
Artesanía	26	416	1.078.833,71	26	428	1.056.365,62
Automoción	14	237	718.415,31	14	234	733.239,88
Comercio, márketing e vendas	73	1.154	1.616.112,98	61	976	1.182.129,21
Comunicación	12	198	498.921,33	16	256	672.471,69
Construcción	79	1.364	3.733.286,78	80	1.372	3.694.891,55
Industria	55	887	1.700.839,30	58	940	1.889.146,17
Industria agroalimentaria	10	152	301.606,51	11	178	392.857,99
Madeira e moble	35	576	1.412.738,45	26	436	1.078.894,11
Mantemento instalacións	64	1.074	2.321.138,50	66	1.097	2.277.263,26
Pesca e acuicultura	-	-	-	1	15	23.877,61
Sanidade	86	1.423	2.187.157,85	81	1.339	2.219.322,69
Servicios	475	7.505	11.348.616,15	507	8.002	11.590.109,99
Téxtil	26	408	684.732,99	29	468	827.740,62
Turismo e hostalería	90	1.460	3.327.114,32	66	1.106	2.915.039,13
Total	1.317	21.278	37.806.002,14	1.305	21.184	37.802.790,11

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

euros. Comparado co ano anterior, o devandito cadro reflicte que o presuposto descendeu un 2% (996 miles de euros), e o número de alumnos e de cursos descendén respecto ó ano precedente un 7,3% (2.390 alumnos menos) e 6,4% (127 cursos menos).

No que ós cursos FIP (agás compromisos de contratación) se refire, ó longo do ano 2001 programáronse un total de 1.305 cursos: 581 cursos programación pluriprovincial e 724 cursos de programación provincial. Ós cursos de programación provincial, ós que asistiron un total de 11.858 alumnos, dedicáronse un total de 24.159,8 miles de euros, distribuídos segundo se reflicte no **cadro 2.3.3**. Ós 581 cursos de programación asistiron un total de 9.326 alumnos, sendo o seu presuposto de 13.643 miles de euros.

Respecto á distribución sectorial destes cursos, o **cadro 2.3.4** recolle a programación dos cursos do Plan FIP, e amosa que o sector servicios é o que acolle o maior número de cursos e alumnos, con 507 e 8.002, respectivamente, sendo o seu investimento de 11.590,1 miles de euros. Séguelle en importancia o subsector administración e oficinas, con 222 cursos no ano 2001, e un total de 3.662 alumnos. Entre os dous acollen en

torno o 55% dos cursos programados e reciben o 47% do investimento total.

No concenrente ós cursos con compromiso de contratación, **cadro 2.3.5**, no ano 2001 mantívose o criterio de potenciar este tipo de cursos mantendo os tres requisitos de contratar a un 60% dos alumnos que inicien os cursos, cunha duración mínima do contrato de 6 meses e por un tempo equivalente ou superior a media xornada. Neste obxectivo de potenciación dos cursos con compromiso de contratación, ó longo do ano 2001 descendeu tanto o número de centros (40,3%) como o dos cursos e alumnos (51%) e o seu presuposto (45,3%).

En canto á súa distribución xeográfica, o devandito **cadro 2.3.5** reflicte que a provincia de Pontevedra é a que maior número de cursos programou, con 66 cursos, e acolle a un total de 988 alumnos (en torno ó 41% do total dos cursos e alumnos). Séguelle en importancia Ourense, que é a única que rexistra unha medra dos mesmos respecto ó ano anterior, con 40 cursos e 608 alumnos (un 25% do total). As provincias de A Coruña e Lugo acollen 35 e 18 cursos cada unha, ós que asistiron un total de 536 e 227 alumnos, respectivamente.

CADRO 2.3.5.

Cursos con compromiso de contratación 2000-01

	2000				2001			
	Centros	Cursos	Alumnos	Importe (en €)	Centros	Cursos	Alumnos	Importe (en €)
A Coruña	52	66	997	1.555.942,57	28	35	536	954.089,71
Lugo	19	34	461	1.233.900,27	14	18	227	358.310,00
Ourense	15	31	494	796.925,37	14	40	608	779.571,03
Pontevedra	33	194	2.889	2.488.175,36	15	66	988	1.232.159,17
Total	119	325	4.841	6.074.943,56	71	159	2.359	3.324.129,90

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.3.6.

Cursos con compromiso de contratación 2000-01: distribución sectorial

Sector	2000			2001		
	Cursos	Alumnos	Presupostos (en €)	Cursos	Alumnos	Presupostos (en €)
Administración e oficinas	6	80	66.398,62	-	-	-
Agricultura	10	164	537.162,83	3	40	53.231,10
Artesanía	4	49	110.934,81	1	10	25.488,92
Automoción	132	1.979	632.467,27	30	462	253.922,60
Comercio, marketing e vendas	25	395	367.754,56	16	249	275.669,41
Comunicación	2	27	116.953,95	1	10	30.358,32
Construcción	10	141	329.245,10	5	76	151.925,82
Industria	28	416	812.002,00	32	488	873.275,43
Industria agroalimentaria	3	30	82.060,45	2	29	50.225,74
Madeira e moble	6	82	309.414,55	4	61	131.944,69
Mantemento instalacións	6	89	261.715,47	2	29	49.462,24
Sanidade	14	210	281.797,45	16	229	308.975,06
Servicios	17	249	426.152,02	19	267	431.327,52
Téxtil	53	808	1.357.848,80	24	351	612.992,18
Turismo e hostelería	9	122	383.035,68	4	58	75.330,86
Total	325	4.841	6.074.943,56	159	2.359	3.324.129,90

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.3.7.

Programación con medios propios ⁽¹⁾ 2000-01

	2000			2001		
	Cursos	Alumnos	Importe (en €)	Cursos	Alumnos	Importe (en €)
A Coruña	49	731	1.232.677,93	63	948	1.541.720,61
Lugo	45	685	887.101,08	40	607	1.121.128,43
Ourense	34	430	557.136,42	40	515	612.153,97
Pontevedra	8	124	155.616,01	12	284	317.071,15
Total	136	1.970	2.832.531,43	155	2.354	3.592.074,16

(1) cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia
Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.3.8.

Programación con medios propios 2000-01: distribución sectorial

Sector	2000			2001		
	Cursos	Alumnos	Presupuesto (en €)	Cursos	Alumnos	Presupuesto (en €)
Administración de oficinas	13	194	258.539,63	13	198	241.626,10
Agricultura	20	299	338.786,47	16	233	382.561,03
Artesanía	1	13	31.082,84	2	31	59.504,07
Automoción	2	30	30.110,71	2	33	70.663,25
Comercio, marketing e vendas	5	58	106.815,78	6	68	120.956,45
Construcción	10	153	290.137,39	15	215	400.063,26
Industria	19	262	383.059,87	24	342	555.387,38
Industria agroalimentaria	-	-	-	3	50	75.660,81
Madeira e moble	6	92	266.807,30	12	177	407.112,53
Mantemento instalacións	17	222	437.610,44	16	226	510.379,78
Sanidade	2	30	65.923,52	1	15	32.961,76
Servicios	32	478	424.516,64	39	573	546.395,95
Téxtil	4	60	99.455,48	3	48	70.016,41
Turismo e hostelería	5	79	99.685,37	3	45	118.785,38
Total	136	1.970	2.832.531,43	155	2.254	3.592.074,16

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

O **cadro 2.3.6.** reflicte a distribución sectorial dos cursos con compromiso de contratación. Nel pódese apreciar que o subsector da industria é o que acolle un maior número de cursos e alumnos, con 32 e 488, respectivamente. Séguelle en importancia o subsector da automoción, con 30 cursos e 462 alumnos, e o téxtil, con 24 cursos en 351 alumnos. Entre ámbolos tres acollen o máis da metade dos cursos alumnos e do presuposto no ano 2001.

Con cargo ó presuposto do Plan FIP, impartíronse un total de 155 cursos de formación ocupacional en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe de 3.592,1 miles de euros (un 26,8% máis que no exercicio anterior). Do total dos cursos, o **cadro 2.3.7.** reflicte que a provincia que acolleu o maior número de cursos e alumnos é a provincia de A Coruña, con 63 cursos e 948 alumnos, seguida de Lugo, con 40 cursos e 607 alumnos, e Ourense, con 40 cursos e 515 alumnos.

Atendendo á distribución sectorial da programación dos cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia, o **cadro 2.3.8.** reflicte que é o sector servizos o que acolle o maior número de cursos e alumnos, con 39 e 573, respectivamente, seguido pola industria, con 24 cursos e 342 alumnos no ano 2001.

Xunto á programación e cursos do Plan FIP a Dirección Xeral de Formación e Colocación aprobou no exercicio do ano 2001 unha serie de accións de formación específicas en función das súas características, dos colectivos ós que ían destinadas ou da súa finalidade de complementa-las carencias detectadas na programación do Plan FIP.

Así, no ano 2001 realizáronse un total de 202 cursos de formación nos que participaron un total de 4.202 alumnos, cun presuposto de 2.947,7 miles de euros. Dentro desta especialidade, tamén se desenvolveron catro cursos que tiñan, por parte da entidade, compromiso

de contratación, ós que asistiron un total de 69 alumnos, e cun presuposto de 178,4 miles de euros.

Orientación laboral

De forma complementaria ó Servicio Galego de Colocación existe unha rede de orientación laboral que está formada na actualidade por case 300 profesionais en máis de 180 puntos de atención. O número total de beneficiarios das accións de orientación ascendeu a 71.171 persoas (50.358 persoas no ano anterior), das que 42.896 son beneficiarios de accións de maior duración (as que computan no Plan Nacional de Empleo).

Atendendo á distribución provincial, A Coruña é a que acolle o maior número de beneficiarios, con 27.808 persoas, seguida de Pontevedra, con 24.751. Comparado co número de beneficiarios do ano anterior, tan só estas dúas provincias experimentan un aumento no número de persoas beneficiadas, acollendo no ano 2001 o 73,8% do total de beneficiarios fronte ó 69,7% do ano anterior (**cadro 2.3.9.**).

Dentro das accións de orientación, cómpre salientar que o maior número de accións corresponde a orientacións finalizadas normalmente, con 35.012 (o 49,2%) e a aquelas nas que o demandante non asistiu á entrevista, con 22.540 orientacións (o 31,7%).

Ó longo do ano 2001 continuou o desenvolvemento do Programa de Inserción laboral para traballadores desempregados de longa duración en situación de necesidade e maiores de 45 anos. O número de beneficiarios deste programa ascendeu a 2.410 persoas, cos que se realizaron máis de 8.000 entrevistas.

Intermediación laboral

Esta liña de actuación consiste na xestión eficiente da demanda de emprego e a súa posta en relación coas ofertas xeradas polo mercado de traballo. O Servicio Galego de

CADRO 2.3.9.

Resultado das accións de orientación laboral realizadas 2001

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
CV altamente incoherente: modificado	162	104	16	8	34
Exclusión definitiva programa PIL-RAI	122	44	16	32	30
Exclusión temporal programa PIL-RAI	86	36	11	17	22
Finalización do programa PIL-RAI	1.679	567	212	478	422
Necesita máis orientación	3.553	1.804	232	536	981
Necesita máis orientación con urxencia	128	37	20	17	54
Non lle interesa buscar traballo activamente	2.598	1.325	182	197	894
O demandante non asistiu á entrevista	22.540	8.901	2.220	3.142	8.277
Orientación finalizada normalmente	35.012	13.193	4.619	5.156	12.044
Perfecta adecuación do seu CV	1.704	457	150	406	691
Precisará máis orientación, por enfermidade	372	159	43	54	116
Sen facilitar	1.042	264	40	279	459
Só precisará información	2.173	917	297	232	727
	71.171	27.808	8.058	10.554	24.751

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

CADRO 2.3.10.

Demandas e ofertas xestionadas polo Servicio Público de Empleo 2001

	Demandantes			Ofertas xestionadas			Contratos rexistrados
	Homes	Mulleres	Total	Oficinas de emprego da Xunta	Centros asociados	Total	
A Coruña	11.518	14.660	26.178	10.248	17.132	27.380	281.969
Lugo	2.454	3.000	5.454	4.923	3.101	8.024	69.531
Ourense	3.028	3.554	6.582	5.184	15.561	20.745	46.531
Pontevedra	7.533	10.402	17.935	17.344	13.405	30.749	287.522
Total	24.533	31.616	56.149	37.699	49.199	86.898	685.553

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

Colocación conta para estas actividades cunha rede de intermediación laboral formada por 51 oficinas de emprego e 253 centros asociados nos que se desenvolven accións complementarias desta función por conta baixo a coordinación do SPE.

No ano 2001 o número de ofertas de traballo xestionadas polo Servicio Público de Empleo de Galicia, **cadro 2.3.10.**, foi de 86.898, das que 37.699 (o 43,4%) corresponden a oficinas de emprego e 49.199 (o 56,6%) corresponden ós centros asociados ó Servicio Galego de Colocación. Respecto ó número de demandantes, no ano 2001 este ascendeu a 56.149 persoas (71.237 no ano anterior), das que 31.616 foron mulleres e 24.533, homes.

Finalmente, hai que salienta-la presenza da Rede EURES, que mantén a disposición de tódolos usuarios unha *Base de datos de condicións de vida e traballo*, así como un acceso público á base de ofertas de emprego.

Ó longo do ano 2001 o número de contactos cos demandantes de emprego foi de 8.959 e o total de demandas de emprego tramitadas foi de 4.127.

• **Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral**

Respecto ás distintas medidas de fomento da contratación, no ano 2001 beneficiáronse das mesmas un total de 17.397 traballadores, 1.301 menos que no ano anterior.

Dos distintos procedementos recollidos no **cadro 2.3.11.**, 14.816 traballadores acederon a un contrato indefinido e 2.514 a un contrato temporal ou de duración determinada. Destes últimos, 2.169 responden á modalidade de contratación en prácticas, contrato deseñado para favorecer-la formación práctica e como instrumento ponte para facilita-lo acceso a un contrato estable; 345 foron contratos de interinidade por causa de maternida-

de ou por excedencia por coidados de familiares, e 67 foron contratos celebrados con desempregados pertencentes a colectivos en perigo de exclusión social.

Respecto a incidencia porcentual na distribución provincial das empresas e traballadores beneficiarios en Galicia, **cadro 2.3.12.**, A Coruña acolle en torno o 40% dos mesmos fronte ó 37% no caso de Pontevedra. Na provincia de Lugo, atópanse o 13,5% dos traballadores e o 14,6% das empresas beneficiarias, mentres que en Ourense estas porcentaxes son do 9,4% e 7,7%, respectivamente.

• *Programas de cooperación e escolas obradoiro*

A análise dos programas de cooperación e escolas obradoiro pódese dividir en tres grandes apartados: por unha banda, a análise de cooperación con entidades locais; por outra, os programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro; e finalmente, as escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento (**cadros 2.3.13. e 2.3.14.**).

En relación ós programas de cooperación con entidades locais, hai que salientar que se subvencionou algún programa de cooperación a 310 concellos, o que representa o 98,4% dos concellos galegos.

No eido destes programas de cooperación, no exercicio 2001 beneficiáronse da “contratación de traballadores desempregados para a realización de obras e servicios de interese xeral ou social” un total de 332 entidades, participando 4.965 traballadores desempregados, un 5,9% menos que no exercicio anterior. A duración media destes contratos situouse en 6,2 meses.

No caso das contratacións de técnicos locais de emprego, no ano 2001 o número de técnicos subvencionados chegou ata os 259

(un 4,4% máis que en 2000), con 233 entidades locais beneficiarias, cun custo de 4.645,8 miles de euros (un 3% superior ó custo do ano anterior).

As contratacións polas entidades locais de servicios públicos se refiren a contratacións con empresas cualificadas como iniciativas de emprego, con centros especiais de emprego ou con empresas de economía social constituídas por xoves ou por desempregados que participasen nalgún obradoiro de emprego ou curso de formación ocupacional ou por parados de longa duración ou por mulleres. Ó longo do ano 2001, **cadro 2.3.13.**, concedéuselle subvención a 50 entidades locais que contrataron a prestación de servicios públicos con empresas determinadas, e os traballadores beneficiarios dos programas foron 266.

No concernente ós programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, no ano 2001 entidades beneficiadas ascendeu a 77 (17 máis que no ano 2000) participando un total de 481 traballadores (90 máis que no ano anterior). A media da duración dos contratos situouse en torno ós 8 meses cando no ano anterior situábase en torno ós 8,3 meses.

Finalmente, no caso das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento, ó longo de 1999 beneficiáronse das accións formativas das 52 escolas obradoiro e casas de oficio, un total de 2.312 desempregados menores de 25 anos, dos que o 30% son mulleres (**cadro 2.3.14.**).

Ó longo do ano 2001 puxéronse en marcha un total de 23 novas escolas obradoiro e casas de oficios, participando nelas un total de 1.059 xoves desempregados. A 31 de decembro estaban en funcionamento 27 proxectos, que dan cabida a 1.224 desempregados menores de 25 anos.

O **cadro 2.3.15.** recolle as especialidades

CADRO 2.3.11.

Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral 2000-01

Procedemento	2000		2001	
	Nº expedientes	Nº traballadores	Nº expedientes	Nº traballadores
Contratación indefinida discapacitados	388	403	357	388
Fomento da contratación indefinida	10.516	15.692	8.379	14.428
Fomento contratos en prácticas	1.590	1.906	1.843	2.169
Conciliación vida laboral e familiar	631	641	333	345
Contratación traballadores difícil reinserción	56	56	60	67
Total	13.181	18.698	10.972	17.397

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

CADRO 2.3.12.

Empresas e traballadores beneficiarios das accións para o fomento do emprego e da estabilidade laboral 2000-01

	2000		2001	
	Empresas	Traballadores	Empresas	Traballadores
A Coruña	5.316	7.832	4.381	6.973
Lugo	1.803	2.219	1.607	2.350
Ourense	1.103	1.463	843	1.639
Pontevedra	4.959	7.184	4.141	6.435
Total	13.181	18.698	10.972	17.397

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

CADRO 2.3.13.

Programas de cooperación con entidades locais e con outras administracións 2000-01

	2000		2001	
	Entidades	Traballadores	Entidades	Traballadores
Programas de cooperación con entidades locais				
Axudas para a contratación de desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral	333	5.276	332	4.965
Axudas para a contratación de Técnicos Locais de emprego (1)	219	248	233	259
Axudas para a contratación de servizos públicos con determinadas empresas creadas nos últimos 3 anos (2)	46	308	50	266
Total	598	5.832	615	5.490
Programas de Cooperación con outras administracións (3)				
Axudas para a contratación de desempregados para a realización de obras e servizos de interese	60	391	77	481

(1) Denominados en 1999 Axentes de emprego e desenvolvemento local

(2) Introdúcese o dos tres anos

(3) distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro

Fonte: Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 2.3.14.

Escolas-obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento 2000-01

	2000	2001
Escolas obradoiro e casas de oficios		
número	60	52
alumnos	2.810	2.312
postas en marcha ó longo do exercicio	15	23
alumnos	596	1.059
Obradoiros de emprego		
número	23	50
beneficiarios	901	1.875
novos proxectos postos en marcha	18	32
beneficiarios	654	1.221
Unidades de promoción e desenvolvemento		
número	3	3
beneficiarios	24	26

Fonte: Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 2.3.15.

Especialidades máis impartidas nas escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego 2000-01

Familia profesional	2000		2001	
	Escolas obradoiro e casas de oficios	Obradoiros de emprego	Escolas obradoiro e casas de oficios	Obradoiros de emprego
	(%)		(%)	
Construcción	41	35	47	46
Construccións metálicas	9	5	9	2
Electricidade	4	8	-	-
Madeira	19	12	21	15
Medio Ambiente	7	9	7	13
Ornamentais e xardíns	17	19	14	18
Outras	3	12	2	2
Servicio á comunidade	-	-	-	2
Artesanía	-	-	-	2

Fonte: Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude

des máis frecuentemente impartidas, onde salienta a construción (47%), madeira (21%) e as actividades de xardinería (14%).

Os 50 obradoiros de emprego en funcionamento no ano 2001, que buscan mellora-las posibilidades de inserción laboral dos desempregados de 25 ou máis anos, e no que ten prioridade aqueles que teñan especiais dificultades para inserirse no mercado laboral, acolleron un total de 1.875 traballadores desempregados principiantes (o 45% son mulleres).

Ó longo do ano 2001 puxéronse en marcha 32 novos proxectos de obradoiros de emprego, nos que participan un total de 1.221 desempregados maiores de 25 anos, funcionando a 31 de decembro 32 proxectos con 1.221 beneficiarios. Entre as especialidades impartidas, **cadro 2.3.15.**, as máis frecuentes son as de construción (46%) e a de ornamentais e xardíns (18%). ■